



# Compra no mercado de Carballo e participa no sorteo dunha viaxe para 2 persoas a Madeira (Portugal)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
EMPREGO E INDUSTRIA



Comprar no Mercado ten premio!!!

## BASES SORTEO DUNHA VIAXE PARA 2 PERSOAS A MADEIRA (Portugal)

# “QUERE O TEU MERCADO 2017”

### OBXECTO DO SORTEO:

O Concello de Carballo, dentro do programa "Quere o teu mercado", promovido pola Xunta de Galicia, organiza un sorteo dunha viaxe para dúas persoas a Madeira (Portugal) co obxecto de estimular o papel dinamizador e revitalizador que teñen os mercados dentro dos centros urbanos. Trátase de fomentar o consumo local no mercado municipal, un mercado que facilita a compra completa de alimentos frescos con toda a comodidade e sen necesidade de grandes desprazamentos.

Mercar neste tipo de mercado é garantía de calidade, bo servizo e atención personalizada. Desde o mercado de proximidade foméntase o consumo de produtos galegos, ofrecendo a variedade de carnes, lácteos, froitas, verduras, pescados, mariscos, hortalizas que require unha dieta equilibrada e saudable.

Xuntan tradición e modernidade, adáptanse ás demandas dos seus clientes, ofertan os mellores prezos en produtos frescos de alimentación e incorporan cada día novos servizos complementarios e personalizados.

### PREMIO:

- O premio consistirá nunha viaxe para dúas persoas a Madeira (Portugal) no que se inclúe: os voos directos desde Santiago de Compostela, traslados do aeroporto-hotel-aeroporto e estancia de 7 noites en hotel de 3 estrelas en réxime de aloxamento e almorzo.

### PARTICIPACIÓN:

- Entregarase un boleto aos clientes por cada 5 de compra.
- Os boletos que se entregan a cada posto do mercado asociado á campaña deberán estar selados ou firmados co nome do establecemento e serán repartidos entre os clientes.
- Os boletos repartiranse entre o 11 e o 28 de maio, sendo introducidas nunha urna por parte do cliente unha vez teña cubertos os datos.
- Non poderán ser agraciados no sorteo nin os asociados cos seus propios boletos, nin os empregados ou empregadas, nin os familiares en 1º grao.

### SORTEO:

- O sorteo realizarase o día 28 de maio ás 11.00 h, no propio Mercado municipal. O sorteo, no que estará presente o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, farase de forma pública mediante a extracción manual dun boleto premiado e dous boletos de reserva.
- O resultado do sorteo publicarase nas redes sociais e na web do Concello de Carballo.
- O prazo límite para desfrutar do premio é ata o día 30 de novembro de 2017.
- Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos/as participantes serán tratados en conformidade coa Lei orgánica 15/99, de protección de datos de carácter persoal e normativa acorde. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios
- A participación no sorteo implica a aceptación destas bases